




Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/19948/2023 16/10/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 AMG	Documento 1081710ARJ	
Código de verificación  6412 1P1Z 2E0C 405N 0MIO	Expediente 108/2023/1575	
	Data 04-10-2023	

Asunto: Cobertura, en comisión de servizos, do posto de auxiliar de atención cidadá no Servizo de Atención Cidadá e Interior (ref. posto 1971).

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O xefe de Servizo de Atención Cidadá e Interior e o coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana, remiten ao Servizo de Recursos Humanos unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de auxiliar de atención cidadá no Servizo de Atención Cidadá e Interior, nº referencia 1971 da RPT.

Dita cobertura temporal de posto de auxiliar de atención cidadá precísase para levar a cabo as tarefas de atención ao público nas Oficinas de Atención Cidadá que abranguen: rexistro de documentación, xestión de Padrón, tarxeta Milenium, información xeral que se demande pola cidadanía, etc.

As necesidades que debe cubrir este posto son as correspondentes a todas as tramitacións requiridas polo administrado nas dependencias da OAC de María Pita, fundamentalmente ten que levar a cabo as tarefas relacionadas coa xestión do Padrón.

Todo o anterior, fai que resulte necesario, por causas de urxencia e extraordinaria necesidade, a cobertura temporal do posto de posto de auxiliar de atención cidadá no Servizo de Atención Cidadá e Interior, nº referencia 1971, para evitar prexuízos no correcto funcionamento do Servizo Atención Cidadá e Interior e facilitar a continuidade do desenvolvemento da atención á cidadanía cun estándar mínimo de calidade e eficacia na prestación.

Segundo.- O día 1/09/2023 o Servizo de Recursos Humanos publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, do seguinte posto de traballo:

1. Auxiliar de Atención Cidadá (referencia 1971).

No citado anuncio, indícase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou na sede electrónica, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Atención Cidadá e Interior	IT2210	Atención cidadá	Auxiliar de Atención Cidadá	1971	C2/C1	16	AX	FR05 AP2

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 1971 de auxiliar de atención cidadá do Servizo de Atención Cidadá e Interior, actualmente atópase vacante.

Segunda.- Unha vez examinada a solicitude recibida e o CV da única candidata presentada, o coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana, en informe de data 3/10/2023 con código de verificación 0Q1C6P5D0U4Y6Y64006F, así como a xefa de Departamento de Interior e Patrimonio no informe de 19/09/2023 con código de verificación 3E72 3E2B 2P4V 0V6F 0SFF emiten unha proposta de nomeamento de Dona Beatriz Susana Iglesias Durán, en comisión de servizos, no posto de auxiliar de atención cidadá no Servizo de Atención Cidadá e Interior (ref. posto 1971).

Terceira.- Cómpre indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicación dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle



Concello da Coruña

un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de auxiliar de atención cidadá no Servizo de Atención Cidadá e Interior, (nº ref. 1971) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Atención Cidadá e Interior, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona Beatriz Susana Iglesias Durán, en comisión de servizos, ao posto de traballo de auxiliar de atención cidadá no Servizo de Atención Cidadá e Interior co número 1971 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Atención Cidadá e Interior	IT2210	Atención cidadá	Auxiliar de Atención Cidadá	1971	C2/C1	16	AX	FR05 AP2

Quinta. O posto de orixe de Dona Beatriz Susana Iglesias Durán, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Atención cidadá e Interior	IT2500	Apoio administrativo de Interior	Auxiliar administrativo	2079	C2	14	AX	FR04

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 920, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2023 (BOP nº 131 de 11/07/2023), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao concelleiro delegado de Economía, e Planificación Urbana.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana por delegación da Xunta de Goberno Local do 05/07/2023 (BOP núm. 131 do 11/07/2023), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1. Destinar a Dona Beatriz Susana Iglesias Durán (NIF **8347***), en comisión de servicios, ao posto de auxiliar de atención cidadá no Servizo de Atención Cidadá e Interior (nº ref. 1971).

As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Atención Cidadá e Interior	IT2210	Atención cidadá	Auxiliar de Atención Cidadá	1971	C2/C1	16	AX	FR05 AP2

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada, e á xefa de Departamento de Interior e Patrimonio.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas